

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15024902	CEIP Plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	2º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

O Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, establece na súa disposición adicional segunda que os centros docentes deben dispor das medidas organizativas para que as alumnas e alumnos cuxas nais, pais ou persoas titoras legais non optasen por que cursen ensinanzas de relixión reciban a debida atención educativa.

Esta atención é, precisamente, planificada e programada a través da área de Proxecto Competencial. Segundo o Decreto, esta área debe dirixirse ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

O currículo de Proxecto Competencial inclúe tres obxectivos de área e tres bloques de contidos: definición de proxectos, execución de proxectos e presentación de proxectos.

Para a realidade concreta do centro e a aula para a que se programa, esta área estará configurada como un proxecto interdisciplinario que contará con tres fases (unha por trimestre), coa particularidade de que cada unha rematará cun pequeno produto final que irá aumentando en complexidade, pero levando un fío condutor común. Esta decisión foi tomada debido ás características psicoevolutivas do alumnado de 2º de Primaria: é preciso que mostremos aos nenos e nenas resultados visibles e significativos do seu traballo varias veces ao longo do curso, non sería recomendable que teñan que esperar ao mes de xuño para ver un gran produto final.

O fío condutor común para o centro este curso é o cine, sendo a temática do PDI do curso 2023/2024. Polo tanto, o traballo desenvólto nesta área durante o curso estará relacionado tamén con esta temática.

Así, esta programación didáctica está dirixida aos dous grupos que conforman o nivel, moi heteróxeneos, de 13 e 19 alumnos e alumnas, respectivamente, cun nivel de motivación elevado pola área debido ao traballo realizado durante o curso pasado.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Luces, cámara, acción!	<p>Comezaremos a unidade realizando unha primeira aproximación ao mundo do cine empregando recursos familiares para o alumnado. Os nenos e nenas poderán descubrir a historia do cine e os diferentes tipos que hai, especialmente no xénero da animación, aprendendo o básico das distintas técnicas existentes para a súa produción: animación 2D, 3D, CGI ou stop-motion.</p> <p>Coas primeiras dinámicas de traballo en equipo conformaremos os grupos de traballo, nos que cada neno ou nena asumirá un rol. O produto final desta unidade será un "storyboard" ou "guion gráfico" dunha curtametraxe protagonizada por personaxes ideados por eles e elas mesmas, que será a elaboración final do curso. O modelo de storyboard será similar a un cómic para eles/as, polo que será familiar.</p>	33	15	X		
2	Do papel á pantalla	<p>Nesta unidade, o alumnado descubrirá o traballo que supón realizar unha adaptación ao cine de historias que orixinalmente foron contadas en papel (libro, cómic...). Despois de ver varios exemplos, o alumnado comezará a traballar nun guion para adaptar a historia ideada no primeiro trimestre a unha pequena curtametraxe de 2 ou 3 minutos.</p> <p>A técnica de elaboración queda aberta a animación 2D (con programas), stop-motion ou actuación dos propios nenos e nenas.</p>	33	10		X	
3	Unha produción de cine!	<p>Esta última unidade didáctica estará dedicada á filmación da curtametraxe e o seu proceso de posprodución. Así, o alumnado aprenderá sobre planos, secuencias e empezará a familiarizarse con conceptos como fotograma, resolución, relación de aspecto, velocidade de reprodución... E co traballo de posprodución, aprendendo sobre tarefas sinxelas relacionadas coa edición da curtametraxe: seleccionar música, ordenar as escenas, realizar a dobraxe dos diálogos, se é o caso...</p>	34	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Luces, cámara, acción!	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática do proxecto.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Valorar recursos e materiais para realizar o proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar a información necesaria.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Entender e esbozar a secuencia das actuacións necesarias para executar o proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Ter unha mínima previsión de incidencias que se poidan producir durante o desenvolvemento do proxecto e habilidade para resolvelas.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións en tempo.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados para o proxecto.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar os recursos e materiais previstos.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Comunicar e resolver incidencias.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto realizado.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal clara e correcta.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar a linguaxe corporal para mellorar a expresividade.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Identificar as emocións negativas durante unha exposición e potenciar as positivas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
2	Do papel á pantalla	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática do proxecto.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Valorar recursos e materiais para realizar o proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar a información necesaria.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Entender e esbozar a secuencia das actuacións necesarias para executar o proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Ter unha mínima previsión de incidencias que se poidan producir durante o desenvolvemento do proxecto e habilidade para resolvelas.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións en tempo.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados para o proxecto.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar os recursos e materiais previstos.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Comunicar e resolver incidencias.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto realizado.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal clara e correcta.		

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enzalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar a linguaxe corporal para mellorar a expresividade.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Identificar as emocións negativas durante unha exposición e potenciar as positivas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos para apoiar a presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
3	Unha produción de cine!	10

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática do proxecto.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Valorar recursos e materiais para realizar o proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar a información necesaria.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Entender e esbozar a secuencia das actuacións necesarias para executar o proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Ter unha mínima previsión de incidencias que se poidan producir durante o desenvolvemento do proxecto e habilidade para resolvelas.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións en tempo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados para o proxecto.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar os recursos e materiais previstos.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Comunicar e resolver incidencias.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados obtidos co proxecto.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto realizado.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal clara e correcta.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar a linguaxe corporal para mellorar a expresividade.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Identificar as emocións negativas durante unha exposición e potenciar as positivas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos para apoiar a presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O Decreto 155/2022 afirma que a área de Proxecto Competencial pode configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade, e as actividades que se propoñan deben reforzar os aspectos máis transversais do currículo.

Á hora de poñer en práctica esta afirmación na realidade da aula, a metodoloxía é a ferramenta principal, por ser o conxunto de estratexias e accións organizadas que o profesorado planifica de forma consciente e reflexiva para posibilitar a aprendizaxe do alumnado. A metodoloxía supón a oportunidade de motivar a todo o alumnado a continuar o seu proceso de aprendizaxe.

Mel Ainscow, experto mundial en inclusión, comezaba en 2019 unha conferencia na Universidade de Manchester dicindo que a inclusión é o maior reto que teñen as escolas. Unha escola de calidade ten que afrontar os retos, non

evitalos, por iso a inclusión é un dos piares metodolóxicos desta programación. Para conseguir abordar en conxunto a inclusión e a atención á diversidade, a resposta está no Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), con referentes a nivel internacional como David Rose e Anne Meyer; e a nivel nacional como Alba Pastor e Coral Elizondo.

Precisamente a inclusión e o DUA deben ser os piares que sustenten toda acción educativa, e destes deben ramificarse unha serie de concrecións metodolóxicas adecuadas á idade do alumnado.

Na introdución que o Decreto 155/2022 fai da área podemos atopar algunhas destas concrecións: a área está dirixida ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas.

Polo tanto, as concrecións metodolóxicas para esta programación serán as seguintes:

- Aprendizaxe colaborativa. Normalmente, será levada a cabo en grupos heteroxéneos de catro persoas. A complexidade do traballo colaborativo irá crescendo ao longo do curso, a medida que o alumnado avance na xestión dos seus recursos e dos conflitos que poidan aparecer. Así, será moi guiado ao principio, buscando unha progresiva autonomía. Esta aprendizaxe colaborativa estará intercalada con momentos nos que se aplicarán estruturas cooperativas. Estas son un paso intermedio entre a aprendizaxe colaborativa e a cooperativa, xa que esta última require de moitas condicións complexas para cumprilas en 2º de Primaria: para falar de aprendizaxe cooperativa, o profesorado ten que realizar unha función proactiva, distribuír ao alumnado en grupos, propoñer normas e repartir roles, entre outros aspectos. Algunhas estruturas cooperativas a aplicar serán "1-2-4", "Equipos de oíntes", "Folio xiratorio", "Lapis ao centro", "Xemellos lectores", "Reparte e aprende" ou "Rallyrobin e Roundrobin".

- Traballo por proxectos. Resulta case imperativo empregar esta metodoloxía nunha área que leva por nome Proxecto Competencial. Aplicar esta metodoloxía supón deixar de lado a explicación docente da teoría de forma monótona para empregar ese tempo en resolver as dúbidas que poidan xurdir aos nenos e nenas ao longo do traballo no proxecto. A idea é que os nenos e nenas aprendan e investiguen pola súa conta e a figura docente sexa de guía e mediación. O alumnado acudirá a procuras bibliográficas sinxelas tanto en libros como na rede, contando co apoio dos materiais e recursos didácticos que aportamos para a realización do proxecto. Traballar por proxectos ten vantaxes como o impulso da faceta autodidacta, do traballo en equipo, a mellora da competencia dixital e a mellora da socialización.

- Investigación e indagación, resolución de problemas. A aprendizaxe por indagación é unha metodoloxía de ensino-aprendizaxe na que o alumnado debe atopar solucións a unha situación problema a partir dun proceso de investigación. Esta metodoloxía céntrase en afrontar problemas e no traballo colaborativo. Preténdese potenciar o traballo de habilidades requiridas para unha persoa nun mundo cambiante: buscamos formar cidadáns e cidadás resolutivas, capaces de traballar en equipo e cun pensamento crítico. Estreitamente relacionada coa introdución ao método científico necesario para a investigación e, por tanto, coa resolución de problemas que xurdirán no prototipado e construción do proxecto. Hai que ter en conta que a aprendizaxe require tempo para a asimilación e que é, por tanto, fundamental crear espazos de reflexión. Así, formularanse situacións problema a partir das cales o alumnado deberá propoñer hipóteses que deberán ser validadas ou refutadas mediante a observación, procuras bibliográficas moi sinxelas, mediante evidencias empíricas, interpretando datos de forma guiada... A partir de aquí, deben propoñer respostas ou predicións e expoñelas de forma argumentada, sempre con adecuación á súa idade e a partir de modelos dados.

- Gamificación. A gamificación gañou terreo nos últimos anos grazas ao seu carácter lúdico, demostrando diferentes profesionais como Miralles Martínez e Gómez Carrasco (2020) que o seu éxito repercute na motivación do alumnado, sendo esta unha das súas máis aclamadas potencialidades. Así, en cada unidade didáctica haberá diversas actividades gamificadas. Por exemplo, un xogo por equipos baseado nun memorama de películas e conceptos relacionados co cine.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Material funxible: Libretas, cartolinas, lapis, ceras, rotuladores, goma, tesoiras, pegamento, regras...

Recursos informáticos: ordenador, pizarra dixital, tablets...
Biblioteca de aula e de centro
Xogos didácticos de aula
Material didáctico de aula
Material específico: tablet, bloques de LEGO, elementos decorativos...
Murais

O proxecto a realizar nesta área require dalgúns materiais específicos. Empregaremos unha tablet para a grabación da curtametraxe, na que tamén estarán instaladas aplicacións de edición de vídeo adecuadas para estas idades como FilmoraGO e, por suposto, Stop Motion Studio, app totalmente gratuíta que permite editar curtametraxes realizados con esta técnica aos nenos e nenas. Os bloques de LEGO servirán para construír as nosas propias personaxes e decorar os escenarios.

Os recursos dixitais empregados son numerosos e poden ampliarse ao longo do curso, se se presentase unha situación na que se descubre un recurso non previsto que poida axudar ao traballo dos contidos que se está a realizar nese momento. En xeral, son os recursos do libro dixital, con actividades interactivas, vídeos, cancións e actividades de escoita e comprensión oral. O alumnado tamén ten acceso á aula virtual, que está aberta en todo momento e na que se irán subindo recursos que poderán empregar opcionalmente na casa, dirixidos ao reforzo ou á ampliación de contidos que estamos a traballar nese momento.

Quedan todos aqueles recursos materiais que pode elaborar, manual ou dixitalmente, a persoa docente ao longo do curso escolar, que respondan a unha necesidade concreta do momento. Entraría neste grupo calquera material que responda a estas características.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para poder analizar cal é o punto de partida do noso alumnado e así poder establecer estratexias comúns de actuación e dar resposta á diversidade que nos atopamos na nosa aula.

Avaliaremos nas primeiras sesións os aspectos máis relacionados coa competencia do alumnado para traballar en equipo. Así, mediante diferentes xogos, avaliaremos o grao de respecto polas normas na participación, a comunicación cos compañeiros e compañeiras, a xestión dos conflitos, o perfil do alumnado (se ten máis aptitudes para ser líder dun equipo, para ser mediador ou mediadora...) e a capacidade de tomar decisións nun prazo de tempo determinado dentro dun mesmo equipo.

O resultado obtido nesta avaliación inicial servirá de punto de partida para o desenvolvemento da programación, facendo fincapé naqueles aspectos nos que o alumnado presente dificultades e potenciando aqueles outros nos que destaque, co obxectivo de que cada alumna e alumno atope e desenvolva os seus talentos, poñendo en marcha así as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas. En todo caso, seguindo a recente Orde de 8 de setembro de 2021, nestas avaliacións iniciais trataremos de reflectir os resultados evitando as vellas expresións centradas na falta de capacidade e introducindo aquelas que destacan o que o alumnado é capaz de facer, tratando de contribuír ao cambio de paradigma do "non é capaz" ao "é capaz".

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación serán fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas, os obxectivos fixados e os estándares de aprendizaxe. Analise das producións artísticas dos alumnos:

- Realización das actividades 55%
- Presentación do proxecto 25%
- Participación, actitude e interese en clase 20%

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas. Asemade, se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa.

No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características. Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

6. Medidas de atención á diversidade

Na presente programación, as medidas de atención á diversidade seguen a liña do proposto pola recente Orde de 8 de setembro de 2022, que desenvolve o Decreto 229/2011. Así, un dos pilares fundamentais que guían a acción educativa e que permiten abordar conxuntamente a atención á diversidade xunto a inclusión é o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA). Prestaremos atención durante o desenvolvemento das sesións ao longo do curso a cumprir cos seguintes principios:

- Proporcionar múltiples formas de implicación na aprendizaxe. Activar as redes afectivas. Trátase de empregar diferentes estratexias para motivar ao alumnado, manter esa motivación e facilitar a súa participación activa no proceso de ensinoaprendizaxe.
- Proporcionar múltiples formas de representación da información. Activar as redes de recoñecemento. Seguindo este principio, presentarase a información ao alumnado en soportes variados e formatos distintos, tendo en conta as diferentes vías de acceso e procesamento de dita información.
- Proporcionar múltiples formas de acción e expresión da aprendizaxe. Activar as redes estratéxicas. Seguindo este principio, ofreceremos ao alumnado diferentes posibilidades para expresar o que saben, para organizarse e para planificarse. Exemplos de concreción do DUA na realidade na aula poden ser os seguintes: empregar diferentes temáticas e puntos de partida nas actividades para captar o interese do alumnado, utilizar o material didáctico descrito no apartado correspondente (que responde a múltiples e variadas formas de representar a información...) ou ofrecer ao alumnado a oportunidade de expresar o que sabe mediante soportes distintos: escrito, debuxo, explicación oral, deseño e/ou prototipado das ideas... Isto último é especialmente importante para atender a todos os nenos e nenas con independencia do seu nivel de madurez lectoescritora, que é moi heteroxéneo. Ademais, hai que destacar que, no nivel, están a aplicarse desde o inicio de curso medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade das recollidas na Orde do 8 de setembro de 2021. Así, respecto ás medidas ordinarias, están a aplicarse e, en previsión, aplicaranse:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e xestión da aula ás características do

alumnado.

- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu entorno.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión. - Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.
- Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de habilidades e competencias sociais.

Tamén está a aplicarse unha medida extraordinaria de atención á diversidade. Trátase do apoio, tanto dentro como fóra da aula, a alumnado con necesidade específica de apoio educativo por parte do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

En ambos os dous grupos do nivel hai un alumno que non promocionou o curso pasado, polo que está a cursar de novo 2º de Educación Primaria. Para estes dous alumnos aplicaranse as medidas recollidas na Orde de 8 de setembro de 2021 e tamén na recente Orde de 26 de maio de 2023, principalmente a aplicación dun plan específico de reforzo que permita o correcto grao de adquisición das competencias clave correspondentes.

Por último, hai que destacar que, como a programación é un documento flexible, este apartado tamén o é, polo que, de ser necesario, aplicaranse novas medidas de atención á diversidade para responder a necesidades que xurdan ao longo do curso, sempre dentro das condicións e temporalización, no seu caso, establecida pola normativa en materia de atención á diversidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora: estratexias antes, durante e despois da lectura. Comentario e opinión conxunta sobre as lecturas realizadas.	X	X	X
ET.2 - Expresión oral: produción oral espontánea e dirixida.	X	X	X
ET.3 - Expresión escrita: escritura creativa.	X	X	
ET.4 - Competencia dixital: alfabetización mediática e informacional, necesidade de contrastar informacións para verificala correctamente.	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade: deseño e prototipado de ideas, crear inventos que dean resposta a un problema sinxelo.	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes: perspectiva de xénero e rotura dos roles de xénero tradicionais. Vocacións científicas e mulleres importantes no ámbito da ciencia.	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz: resolución dialóxica dos conflitos.	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable: día a día na aula con exemplos das merendas, o lixo xerado e o traballo nas conmemoracións relacionadas.	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde: hábitos de vida saudable, importancia da dieta, do descanso e do exercicio físico.	X	X	X
ET.10 - Educación emocional e en valores: asembleas de clase semanal, reflexión sobre as actitudes positivas e curtametraxes ou libros para educar en valores.	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Rutas urbanas	Visita á Praza de María Pita		X	X
Os menores e o consumo	Orientar ao alumnado hacia un consumo consciente e responsable	X	X	
A Coruña ambiental: Vexo Vexo	Visita Laguna Eirís		X	X
Xogos e Historias para crecer en igualdade	Obradoiro na aula		X	X
Casa das Ciencias	Visita á Casa das Ciencias	X	X	

Observacións:

Ademais das actividades que oferta o Concello participaremos en todas as actividades e conmemoracións propostas polo Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares (o Magosto, o festival de Nadal, o día internacional dos dereitos do neno...) as actividades propostas polo Equipo de Dinamización lingüística (día de Rosalía de Castro...) e as actividades propostas polo equipo de biblioteca.

Ao longo do curso poderán introducirse máis actividades dependendo da oferta e sobre todo dos intereses dos nenos e nenas.

O teatro e o concerto quedan pendentes das ofertas que se reciban ao longo do curso.

A Casa das Ciencias e as actividades do Concello non teñen especificado un trimestre concreto debido a que non hai datas aseguradas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adaptouse a programación didáctica ás características do alumnado, atendendo á diversidade do grupo.
Mantívose a motivación do alumnado ao longo das actividades propostas en cada unidade didáctica.
A secuenciación dos criterios e os mínimos de consecución na unidade favoreceron a súa correcta adquisición.
Os instrumentos de avaliación foron axeitados e coherentes cos criterios de avaliación.
Metodoloxía empregada
Consegiuse a participación activa do alumnado.
Empregáronse estratexias metodolóxicas e procedementos de autoavaliación e reflexións propias aprendizaxes no grupo.
Proporcionouse ao alumnado unha retroalimentación de como evoluciona o seu proceso de aprendizaxe.
Utilizáronse de forma eficaz as TIC nas actividades correspondentes.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos seleccionados foron axeitados para o correcto desenvolvemento das actividades propostas.
Medidas de atención á diversidade
Os recursos e puntos de partida foron variados, da contorna próxima e adaptados ás características do alumnado.
Tivéronse en conta as características do grupo para planificar os espazos, tempos e agrupamentos.
Clima de traballo na aula
Mantívose un clima de seguridade e confianza na aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Fomentouse a comunicación e a participación activa das familias na vida da escola.
A coordinación docente foi axeitada para o seguimento das programacións e a detección, análise e resolución de dificultades.
Outros
Nas saídas didácticas (actividades complementarias ou extraescolares, de ser o caso) a planificación foi axeitada en canto a tempo, climatoloxía, desprazamento, as actividades propostas...

Descrición:

Estes indicadores de logro serán revisados e aplicados ao final de cada unha das unidades didácticas, posto que entendemos a programación como un documento aberto e necesariamente flexible ao longo do curso académico. Así, resultaría insuficiente realizar unha revisión trimestral, posto que se poden detectar carencias antes.

Así, tras cada unidade didáctica, realizarase unha reflexión a partir destes indicadores de logro. Aqueles indicadores de logro onde se considere que non se acadou o mínimo de consecución porán en marcha un mecanismo de revisión e análise para mellorar na seguinte unidade didáctica.

Ao final de cada trimestre, realizarase unha valoración global do proceso de ensino e a práctica docente, valorando os mecanismos de revisión e mellora aplicados e destacando os aspectos nos que sexa necesario incidir, de cara ao seguinte trimestre, para mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica. Teranse en conta os seguintes indicadores:

- Responder as características do alumnado da aula.
- Resultar útil para o uso docente na aula.
- Seguimento da temporalización.
- Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.
- Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
- Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
- Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
- Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
- Realizar revisións periodicamente.
- Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
- Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación, reflectidas no seu caso no apartado de seguimento das programacións da aplicación Proens, que poden supoñer:

- Cambios nas metodoloxías empregadas.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas para atender ás dificultades presentadas e á diversidade xeral da aula.

9. Outros apartados